



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria de actividades 2019

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2019

ÍNDICE

FUNCIÓNS, COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN	1-2
1. Funcións e competencias	1
2. Órganos de goberno	2
3. Organización territorial	2
RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS	3-11
1. Cazadores federados	3-4
Clase de licenzas	3-4
Idade do cazador galego	4
2. Federados	5-11
Tipo de licenza federativa	5-6
Federados 2019-2018	6
Siniestralidade entre os federados	7-8
Ranking federados a nivel autonómico e nacional	8-10
Evolución de cazadores e federados	10
Migración dos cazadores galegos a outras CCAA	11
RELACIÓN ENTRE ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES	12-14
1. Entidades federadas	12
2. Tecores e explotacións	12-14
Tecores	13
Explotacións cinexéticas	13
Superficie cinexética	13
Relación entre tecores e municipios	14
A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA	15-17
1. Caza maior	15-18
Evolución dos cupos e capturas	16
Siniestralidade producida polos animais cinexéticos	16-18
Seguros de RC de tecor	18
2. Caza menor	19
A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA	20-23
1. Calendario oficial	20-21
Resumo do calendario	20-21
Campionatos de España	21
2. Resultados	21-23
Medalleiro	21
Palmarés da Selección Galega	21-23
3. Área técnica	23

FORMACIÓN	24-27
1. Cursos de formación de cazadores e responsables de sociedades	24-26
Calendario e participación	24
Contidos	25-26
Relatores e ponencias	26
2. Xornadas de formación e reciclaxe de xuíces e árbitros	27
Unificación de criterios de San Huberto e Cans de Parada	27
Curso de actualización para xuíces nacionais e promoción para xuíces autonómicos de San Huberto	27
Curso de formación de xuíces de agility	27
3. Outras xornadas de formación	27
Conferencia estándares de traballo de Cans de Mostra	27
Charla coloquio: nocións sobre armas e municións	27
Xornada sobre selección e adestramento do can de alta competición	27
A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA	28
1. Tipo de asesoramento	28
2. Evolución do asesoramento	28
AS EMISORAS DE RADIOFRECUENCIA	29
1. Emisora e o seu ámbito	29
2. Evolución das licenzas de emisora	29
O CLUB DE DESCONTOS	30
1. Tipo de establecementos	30
A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS	31-34
1. Páxina web: http://federaciongalegadecaza.com	31-34
As publicacións máis destacadas da web	31-32
As redes sociais	32
As publicacións máis destacadas das redes	32-34
2. Revista Galicia Cinexética: http://www.galiciacinexetica.com	34
AS XUVENTUDES POLA CAZA	35
AXENDA: REUNIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES	36-46
1. Reunións institucionais	36-40
2. Outros actos: galas, conferencias e xornadas	40-44
3. Feiras e outras actividades	44-46

FUNCIÓNS, COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN DA FGC

1. FUNCIÓNS E COMPETENCIAS.

A Federación Galega de Caza (en diante FGC) é unha entidade deportiva que agrupa, entroutros colectivos, aos deportistas (cazadores) e ás sociedades ou asociacións dedicadas á práctica do deporte da caza ou de actividades que con ela se relacionen, e que ademais das competencias que lle son propias **exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.**

A FGC é o único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma Galega na esfera das súas competencias, e poderá afiliarse e/ou colaborar con outras entidades cinexéticas estatais ou internacionais.

COMPETENCIAS PROPIAS

Son competencias e fins da FGC, entroutros, os seguintes (Art. 9 Estatutos FGC):

- Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.
- Realizar cantas actividades estean encamiñadas á salvagarda e melloramento do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas. Asemade a FGC poderá prestar a súa colaboración a cantos fins considere convintes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.
- Fomentar a educación e formación dos cazadores e gardería, a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.
- Desenvolver iniciativas no campo da ecoloxía dirixidas á defensa do medio natural.
- Coidar e defender ante a opinión pública e institucións de carácter privado ou público a figura do cazador como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.
- Promover cantas accións considere convintes ou necesarias para a defensa tanto da caza como dos lexítimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas.
- Representar aos seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais, relacionados co deporte da caza, así como propor a ditos órganos as medidas convintes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexítimos intereses dos cazadores.
- Fomentar, ordenar e inspeccionar as actividades deportivas cinexéticas en todo o territorio da CCAA galega, así como controlar o desenvolvemento deportivo das asociacións de cazadores e dos seus afiliados.
- Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza, por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionen co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coadxuvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.
- Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza, a través de actividades dirixidas á xuventude, favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC

FUNCIÓNS PÚBLICAS DE CARÁCTER ADMINISTRATIVO (Art. 8 Estatutos FGC):

Baixo a tutela da Administración Deportiva, a FGC EXERCERÁ, EN RÉXIME DE EXCLUSIVIDADE, entroutras, as seguintes funcións delegadas:

A PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO DEPORTE DA CAZA EN TODAS AS SÚAS FACETAS

2. ÓRGANOS DE GOBERNO.

Os membros da asemblea xeral, comisión delegada, e presidente, son elixidos por sufraxio libre, directo e segredo, mediante o correspondente proceso electoral, por un período de mandato de catro anos.

O último proceso electoral levado a cabo na FGC para a elección dos representantes dos citados órganos levouse a cabo no ano 2018.

Na actualidade integran a Xunta Directiva da FGC:

PRESIDENTE:	Javier Nogueira Diz
VICEPRESIDENTE (Área cinexética):	Luis Eusebio Fidalgo Álvarez
VICEPRESIDENTE (área Deportiva e Admva):	Ramón Rodríguez Cobas
TESOUREIRO:	Rafael Prol Caneda
SECRETARIO XERAL:	José Moure Caneda
VOGAIS:	José Manuel Vidal Lamela
	José Andrés Freire Ares
	Óscar Meijide Varela
	Jaime González Penelas
	José Ángel Seco Alvite



3. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.

A FGC estrutúrase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas federacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Os catro Delegados Provinciais, unha vez nomeados polo presidente da FGC a proposta da asemblea provincial, pasan a formar parte da xunta directiva da FGC (Art. 12 Estatutos FGC). Actualmente estes cargos recaen en:

• Presidente Provincial da FGC Coruña	José María Álvarez Villar
• Presidente Provincial da FGC Lugo	Francisco López Penela
• Presidente Provincial da FGC Ourense	Antonio García Reinoso
• Presidente Provincial da FGC Pontevedra	Francisco Couselo Castiñeira

A FGC dispón de cinco sedes federativas, ubicadas en Carballo, Santiago, Lugo, Ourense, e Pontevedra, atendidas por unha plantilla de 12 profesionais administrativos e informáticos, ademais doutros servizos externos entre os que cabe salientar a asesoría Xurídica e a área de Prensa.

RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS

1. CAZADORES E FEDERADOS.

Durante o ano 2019 expedíronse en Galicia **38.742 licenzas de caza** (1.028 a cazadores de fóra da CCAA), é dicir **679 licenzas de caza menos que no anterior**, pero se temos en conta que **durante este ano incorporáronse á actividade 397 novos cazadores que superaron o exame do cazador**, podería dicirse que o número de practicantes que deixaron de ter a licenza de caza foi de 1.076.

O descenso de licenzas de caza obsérvase en todas as provincias agás nas emitidas fóra da CCAA.

A provincia na que máis descendieron as licenzas de caza foi Ourense, con 356 cazadores menos que no ano anterior, e na que menos foi A Coruña con 65 cazadores menos.

Provincia	Licenzas Caza 2019	Licenzas Caza 2018	Dfa	%	Aprobados Exame Cazador 2019
CORUÑA	12.397	12.462	-65	-0,52	108
LUGO	8.689	8.795	-106	-1,21	105
OURENSE	7.448	7.804	-356	-4,56	71
PONTEVEDRA	9.180	9.352	-172	-1,84	113
Bcos (fóra da CCAA)	1.028	1.008	20	1,98	
TOTAL LICENZAS CAZA	38.742	39.421	-679	-1,72	
TOTAL CAZADORES GALEGOS (excluíndo licenzas foráneos Bcos)	37.714	38.413	-699	-1,82	

En canto ao número de federados, a FGC pechaba o ano con **19.634 cazadores federados, volvendo a incrementarse a porcentaxe de cazadores federados, superando no cómputo global o 52%**, un 1,39% máis que no ano anterior.

Ao debullar os datos por provincias, obsérvase que o **62,87% dos cazadores de Lugo están federados**, en Pontevedra estano o 59,24%, en A Coruña o 56,55% e en Ourense o 23,13%.

Se analizamos a proporción de cazadores federados respecto ao ano 2018, **Pontevedra sube un 2,17%**, A Coruña sube un 1,62%, Lugo un 1,18%, e Ourense baixa un 0,65%.

Provincia	Licenzas Caza 2019	Federados 2019	% Cazadores federados
Coruña	12.397	7.010	56,55
Lugo	8.689	5.463	62,87
Ourense	7.448	1.723	23,13
Pontevedra	9.180	5.438	59,24
TOTAL	37.714	19.634	52,06

Provincia	% Cazadores federados 2019	% Cazadores federados 2018	Dfa
Coruña	56,55%	54,93%	1,62
Lugo	62,87%	61,69%	1,18
Ourense	23,13%	23,78%	-0,65
Pontevedra	59,24%	57,07%	2,17
TOTAL	52,06%	50,67%	1,39

➤ Clase de licenzas.

O **98,80% dos cazadores practican a actividade cinexética con armas de fogo**, fronte ao 1,14% que o fan con cans, cetraría ou arco.


Resulta significativo tamén a evolución das licenzas de caza válidas polo período de 1 mes, que superan o 3% do total das licenzas.

Tipo Lic	CLASE LICENZA	PROVINCIA					TOTAL	% Clase Lic.	% Tipo Lic.
		CO	LU	OU	PO	BCOS (fóra CCAA)			
Armas Fogo	A1 Armas fogo Anual (+18 e -65 anos)	8.485	5.547	4.793	6.324	611	25.760	66,49	98,80%
	A2 Armas fogo Anual (-18 e +65 anos)	3.464	2.257	2.421	2.329	327	10.798	27,87	
	A3 Armas fogo Anual (estranxeiros non CE)		2		1		3	0,01	
	A4 Armas fogo por 1 mes (+18 e -65 anos)	64	338	26	179	51	658	1,70	
	A5 Armas fogo por 1 mes (-18 e +65 anos)	28	114	3	60	3	208	0,54	
	A6 Armas fogo por 1 mes (Estranxeiros non CE)	1			1		2	8,33	
	I-1 (Interautonómica)	226	258	157	186	20	847	0,03	
Cans, Cetraría e Arco	B1 Cans, Cetraría e Arco Anual (+18 e -65)	46	12	13	31	1	103	0,27	1,14%
	B2 Cans, Cetraría e Arco Anual (-18 e +65 anos)	5		1	4		10	0,03	
	B3 Cans, Cetraría e Arco Anual (estranxeiros non CE)						0	0,00	
	B4 Cans, Cetraría e Arco 1 mes (+18 e -65)	46	101	17	37	12	213	0,55	
	B5 Cans, Cetraría e Arco 1 mes (-18 e +65 anos)	22	56	9	25	3	115	0,30	
	B6 Cans, Cetraría e Arco 1 mes (estranxeiros non CE)				1		1	0,00	
Mandas	C Rehala con fins de caza	10	4	8	2		24	0,06	0,06%
	TOTAL	12.397	8.689	7.448	9.180	1.028	38.742		

➤ Idade do cazador galego.

A idade do cazador galego sitúase na franxa de +18 e -65 anos.

Os menores de 18 anos e maiores de 65 xa representan preto dun terzo do total de cazadores galegos, pasando do 22% do ano 2014 a preto do 30% no ano 2019, mentres que os maiores de 18 anos e menores de 65 baixan do 78% ao 71% no mesmo período.



Censo de poboación INE a 1-7-19, publicado 8-1-20					
	Total Habitantes	(+ 65 anos)	(+ 100 anos)	% +65 anos	% +100 anos
Coruña	1.121.428	262.950	366	23,45	0,03
Lugo	328.750	91.112	223	27,71	0,07
Ourense	306.789	92.093	230	30,02	0,07
Pontevedra	941.797	201.751	350	21,42	0,04
TOTAL	2.698.764	647.906	1169	24,01	0,04

En relación ao incremento de cazadores con idades comprendidas entre -18 anos e +65 anos, hai que sinalar que neste tramo de idade son maiormente de +65 anos, o que por outro lado tamén coincide co envellecemento da poboación da CCAA pois, segundo o censo de de habitantes

do INE publicado o 8-1-2020, unha cuarta parte dos habitantes de Galicia superan os 65 anos.



2. FEDERADOS.

Durante o 2019, a FGC emitiu **19.634 licenzas federativas de ámbito autonómico**, que tamén habilitou con carácter nacional.

A licenza federativa, ademais doutras numerosas prestacións e servizos, é un seguro de accidentes que inclúe a asistencia sanitaria, e cubre ao seu titular tanto na práctica deportiva de calquera das disciplinas regulamentadas pola FGC como na propia actividade cinexética.

➤ Tipo de licenza federativa.

O **88% dos cazadores optaron por federarse a través do Documento Único (DU)** que ademais da tarxeta federativa leva incorporado un SOV (seguro de responsabilidade civil obrigatorio, voluntario, e de defensa xurídica do cazador).



O **41% dos federados con D.U. elixiron o seguro Premium** que, desde que se implementou, segue a ser o seguro máis emitido en todas as provincias, agás Pontevedra. E preto de **7 de cada 10 federados optaron polos seguros de responsabilidade civil de maior cobertura (Premium e S).**


	Total Federados	% Federados
CORUÑA	7.010	35,70
LUGO	5.463	27,82
OURENSE	1.723	8,78
PONTEVEDRA	5.438	27,70
	19.634	

O maior número de federados rexistrou a provincia de **A Coruña co 36% dos federados autonómicos**, seguida de Lugo co 28%, Pontevedra co 27%, e Ourense con preto do 9%.

Sen embargo, como se dixo no apartado 1 anterior, ao confrontar o número de federados de cada unha das provincias co número de cazadores da mesma, **Lugo sería a provincia na que hai máis cazadores federados**, e Ourense a que menos.

Tamén é significativo o **número de cans asegurados a través dos Anexos do D.U** que este ano situábanse en **18.824 cans asegurados**, un 14% máis que no ano 2018, e un 48% máis que no 2017.

Do total dos cans asegurados, o 41% estano en A Coruña, o 32% en Lugo, o 14% en Pontevedra e o 12% en Ourense.




➤ Federados 2019-2018.

A FGC pechaba o ano 2019 con **170 federados máis** que no ano anterior.

Por provincias, **Coruña sube 165**, Pontevedra 101, Lugo 37, e Ourense baixa 133.

Ao comparar o tipo de produtos emitidos durante o ano 2019 respecto ao ano anterior, obsérvase a **transformación daqueles seguros de menor cobertura, principalmente N e Q, por aqueloutros con maiores prestacións, tipo S e Premium.**



Lic. Fed	Federados 2019	Federados 2018	Dfª
P	2.358	2.459	-101
J	303	154	149
N	2.855	3.382	-527
Q	2.341	2.745	-404
R	240	243	-3
S	4.484	4.142	342
PR	7.053	6.339	714
	19.634	19.464	170

➤ Siniestralidade entre os federados.

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, e preto de **9 de cada 10 federados teñen concertado a través da FGC, con Mutuasport, o Documento Único (DU) que a maiores do seguro de accidentes leva incorporado o seguro de Responsabilidade Civil do Cazador e defensa xurídica.**

	Federados 2019	Accidentes 2019 (D.P.)	‰
Coruña	7.010	25	3,6
Lugo	5.463	9	1,6
Ourense	1.723	1	0,6
Pontevedra	5.438	18	3,3
	19.634	53	2,7
	Asegurados DU 2019	Accidentes 2019 (R.C.)	‰
Coruña	6.180	32	5,2
Lugo	4.537	18	4,0
Ourense	1.508	19	12,6
Pontevedra	5.051	8	1,6
	17.276	77	4,5

Ao longo do ano 2019 rexistráronse en Galicia **130 accidentes producidos ou sufridos por cazadores federados**. Deles **53 corresponden a sinistros de danos propios e 77 a responsabilidade civil do cazador**.



Ao cotexar o número de accidentes de danos persoais co número de federados, obsérvase que **o índice de siniestralidade en Danos Propios foi de 2,7 sinistros por cada 1.000 federados**, mentres que **en Responsabilidade Civil foi de 4,5 accidentes por cada 1.000 asegurados**.

Ademais dos anteriores, producíronse 12 sinistros de responsabilidade civil causados por cans asegurados mediante Anexo de Cans do DU *Premium* ou con *Franquicia* (6 en Coruña, 3 en Lugo e 3 en Ourense).

❖ Diagnose dos danos por tipo de cobertura.

Nos accidentes de **Danos Propios** os máis comúns foron as lesións nas extremidades e os danos (ou roubos) de escopetas, seguido das lesións na cara, cabeza, ollos e oídos pero tamén houbo que lamentar durante o 2019 o falecemento de un cazador por causas naturais durante a práctica da actividade cinexética.

En canto aos sinistros de **Responsabilidade Civil do cazador**, máis da metade dos sinistros corresponderon a danos materiais ou danos a animais e cousas, seguidos dos danos a cans.



❖ Evolución dos accidentes entre os federados.

No período 2010-2019 a media de sinistros en **Danos Propios** sitúase en menos de 3 accidentes por cada 1.000 federados, mentres que no mesmo período a media en **Responsabilidade Civil** foi de 4 accidentes por cada 1.000 asegurados.

	Tipo de Accidentes			Tipo de Danos asegurados		Índice Siniestralidade	
	DP	RC	Total	DP	RC	DP	RC
Ano 2019	53	77	130	19.634	17.276	2,70	4,46
Ano 2018	51	79	130	19.464	17.005	2,62	4,65
Ano 2017	63	85	148	19.686	16.734	3,20	5,08
Ano 2016	50	52	102	19.656	16.479	2,54	3,16
Ano 2015	62	82	144	19.961	16.509	3,11	4,97
Ano 2014	53	60	113	20.049	16.166	2,64	3,71
Ano 2013	66	64	130	20.160	16.473	3,27	3,89
Ano 2012	44	69	113	21.018	17.215	2,09	4,01
Ano 2011	58	84	142	21.479	17.659	2,70	4,76
Ano 2010	47	65	112	21.242	17.798	2,21	3,65
Media sinistros 2010-2019						2,71	4,23

➤ Ranking de federados a nivel autonómico e nacional.

A modalidade de **Caza segue a ser o segundo deporte a nivel autonómico** tanto en número de deportistas como de clubs federados, mentres que a nivel nacional en clubs federados mantense como segundo, e en deportistas como terceiro, segundo a estatística da *Memoria 2018 do C.S.D.*

Se confrontamos os datos de federados do *Deporte Galego* do ano 2018 (286.304 deportistas) cos datos do censo de poboación da Comunidade Autónoma de Galicia do mesmo período (2.699.499 habitantes) obsérvase que **practican o deporte federado 11 de cada 100 habitantes, e deles 4 practican o fútbol, 1 a caza, 1 o baloncesto**, e os outros 5 restantes repártense entre as outras 55 modalidades deportivas recoñecidas polo *Deporte Galego*.

Sen embargo a nivel Nacional ao comparar os datos do censo de poboación de España daquel período (46.937.060 habitantes) cos datos de federados nacionais (3.866.867 deportistas) vemos que o deporte federado **practícano 8 de cada 100 españois, e deles 2 practican o fútbol, 1 o baloncesto, 1 a caza**, e os 4 restantes repártense entre as outras 63 federacións deportivas españolas.

❖ Ranking Federados Deporte Galego.

Segundo os datos de federados procedentes da Memoria do CSD 2018 correspondentes ao *Deporte Galego*, a **FGC mantense de 2ª entre as 58 federacións deportivas galegas, tanto no número de deportistas como de clubs federados** só por detrás de fútbol.

Modalidade	Homes	Mulleres	Federados Deporte Galego	Modalidade	Clubs Federados
Fútbol	89.655	6.838	96.493	Fútbol	3.364
CAZA	19.301	167	19.468	CAZA	478
Baloncesto	10.844	6.087	16.931	Ciclismo	279
Balonmán	7.012	3.949	10.961	Patinaxe	247
Golf	7.574	2.916	10.490	Atletismo	246
Atletismo	5.502	4.128	9.630	Baloncesto	190
Judo	6.892	1.967	8.859	Montaña	99
Surf	4.350	4.125	8.475	Axedrez	89
Ciclismo	6.928	499	7.427	Tenis	83
Patinaxe	2.068	4.515	6.583	Padel	82
Resto 48 federacións	58.905	32.082	90.987	Resto 48 federacións	1.637
DEPORTISTAS	219.031	67.273	286.304	CLUBS	6.794

** Na estatística do CSD obsérvase unha dª de 4 licenzas federativas e 4 clubs nos datos correspondentes á

Do total de licenzas federativas rexistradas polas federacións deportivas galegas durante o 2018 (286.304) o 76,50% dos federados son homes, e o 23,50% son mulleres.

❖ Ranking Federados Deporte Nacional.

No ámbito do *Deporte Nacional* rexistráronse no ano 2018 un total de 3.866.867 licenzas federativas, das que o 77% corresponden a homes e o 23% a mulleres.

A Caza ocupa o 3º posto no ranking de deportistas federados a nivel Nacional por detrás de fútbol e baloncesto, e o 2º no apartado de clubs por detrás de fútbol.

Modalidade	Homes	Mulleres	Deportistas Nacionais Federados	Modalidade	Clubs Federados
Fútbol	997.999	65.091	1.063.090	Fútbol	32.327
Baloncesto	247.106	138.004	385.110	CAZA	5.965
CAZA	314.611	2.454	317.065	Ciclismo	3.808
Golf	193.726	77.270	270.996	Baloncesto	3.619
Montaña	157.054	76.107	233.161	Montaña	2.807
Judo	83.977	21.229	105.206	Atletismo	1.538
Balonmano	65.262	33.923	99.185	Kárate	1.438
Atletismo	47.358	38.043	85.401	Patinaxe	1.381
Voleibol	22.739	61.906	84.645	Pesca	1.253
Tenis	55.746	22.354	78.100	Tenis	1.190
Resto 56 federacións	792.672	352.236	1.144.908	Resto 56 federacións	23.365
Total Deportistas	2.978.250	888.617	3.866.867	Total Clubs	78.691

❖ Ranking Federados por CCAA.



No ranking de federados por CCAA, Galicia ocupa o 5º lugar en número de deportistas federados e o 4º lugar en número de clubs.



❖ Ranking Federados Mutuasport.

Mutuasport integra na actualidade a 13 das 17 federacións autonómicas de caza, as cales tramitaron durante o ano 2019 un total de **265.262 licenzas federativas e D.U.**


A FGC ocupa o quinto posto no cómputo total de licenzas federativas e D.U tramitados a través da Mutua, pero sube ata o terceiro no número de seguros de maior cobertura (Premium e S) situándose só por detrás de Andalucía e Cataluña.



➤ Evolución dos cazadores e federados.

Desde o ano 1987 ata a actualidade, as licenzas de caza de Galicia reducíronse en máis de 55.300, pasando das 94.067 daquel ano ás 38.742 actuais, sen embargo no mesmo período o número de federados duplicouse, pasando dos 8.756 aos 19.634 actuais.

Continuando coa tendencia dos últimos anos, durante o 2019 volveuse a acadar a porcentaxe máis alta de cazadores federados, na actualidade **están federados 5,20 cazadores de cada 10.**



*Retiráronse os datos do ano 2008, porque non eran reais debido a un fallo do sistema informático da Xunta, e poderían inducir a erro

➤ Migración dos cazadores galegos a outras CCAA.

Estímase que **arredor dun 27% dos cazadores galegos adoitan saír a cazar fóra de Galicia**, segundo o *Estudo sobre a Repercusión Económica e Social da Caza en Galicia*, elaborado pola FGC en colaboración coa USC durante o ano 2013. Se extrapolásemos esa porcentaxe ao número de cazadores galegos actuais, máis de 10.000 cazadores galegos practicarían a actividade cinexética fóra da CCAA.

Pola contra, se temos en conta as licenzas de caza de Galicia que se expiden a través das entidade bancarias fóra da CCAA (1028 licenzas no ano 2019), o saldo migratorio sería negativo, é dicir por **cada 100 cazadores galegos que saen fóra virían a Galicia arredor de 10 doutras CCAA**, sen embargo debemos ser prudentes na interpretación destas cifras porque a Licenza Interautonómica que habilita para cazar nas Comunidades Autónomas de Galicia, Aragón, Asturias, Castela e León, Extremadura, Madrid, Valencia e Murcia, podería modificar substancialmente as previsións anteriores.

❖ Licenzas tramitadas pola FGC para outras CCAA.

Segundo as licenzas de caza tramitadas desde a FGC (a cazadores federados) para outras CCAA, o **5% dos federados traspasaron a fronteira galega para cazar noutras Autonomías**, aos que habería que engadirlle outro número importante de federados que solicitan as licenzas directamente noutras CCAA, a través de internet, ou a través doutros mediadores.

Durante o ano 2019 **tramitáronse a través da FGC 939 licenzas de caza para outras Autonomías**, 48 máis que no 2018.

Os **pontevedreses seguen a ser os cazadores que máis adoitan saír a practicar a caza fóra de Galicia** (6 de cada 10 licenzas xestionadas desde a FGC corresponden a federados desa provincia).

Os federados galegos desprázanse maiormente ás dúas Castelas pero tamén a Andalucía, Extremadura, Madrid e Aragón, e **4 de cada 10 federados que tramitaron a licenza de caza a través da federación solicitaron a interautonómica**.

	Coruña + Stgo	Lugo	Ourense	Pontevedra	Licenzas tramitadas 2019	Licenzas tramitadas 2018	Dfª
Andalucía				4	4	6	-2
Aragón		1		2	3	0	3
Asturias					0	1	-1
Castela A Mancha	93	49	30	214	386	366	20
Castela León	27	8	32	93	160	180	-20
Cataluña					0	1	-1
Extremadura	1			2	3	4	-1
Interautonómicas	127	49	2	202	380	330	50
Madrid				3	3	3	0
Total Licenzas xestionadas	248	107	64	520	939	891	48
% Licenzas xestionadas	26,41	11,40	6,82	55,38			




RELACIÓN ENTRE ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES

Durante o ano 2019 afiliáronse á FGC 5 novas entidades e nese mesmo período causaron baixa 9, pechándose o ano con **470 sociedades federadas, das que 399 xestionan o 84% dos tecores existentes na CCAA**, e as restantes 71 son entidades deportivas de paxariles, cetraría, arco, tiro, agility, field target, cans, peñas de caza, etc.

	Entidades Federadas			TECORES		
	Sdades Federadas con tecor de titularidade propia ou compartido	Outras Sdades e Clubs federados SEN tecor	Total Entidades Federadas	Tecores xestionados por Sdades Federadas	Tecores xestionados por outras asociacións NF	Total Tecores
CORUÑA	114	20	134	111	12	123
LUGO	142	7	149	136	12	148
OURENSE	62	11	73	61	48	109
PONTEVEDRA	81	33	114	72	2	74
	399	71	470	380	74	454


1. ENTIDADES FEDERADAS.

Ao examinar os datos de sociedades inscritas na FGC, **Lugo co 32% do total de sociedades federadas (149) é a provincia con maior número de entidades afiliadas** e tamén a que conta con máis sociedades titulares de tecor. A continuación sitúase A Coruña con 134 de sociedades federadas, Pontevedra con 114 e Ourense con 73 de asociacións federadas.




2. TECORES E EXPLOTACIÓNS.

No 2019 había na CCAA un total de **454 terreos cinexéticamente ordenados (tecores) xestionados por entidades sen ánimo de lucro, fronte a 31 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por suxeitos ou empresas mercantís, confirmando que o tipo de caza que se practica en Galicia é a caza social.



➤ Tecores.

Dos 454 tecores que hai na CCAA, o **84%** xestiónanos entidades deportivas federadas (de xeito directo ou compartido con outra sociedade), mentres que o 16% restantes adminístranos outro tipo de asociacións de cazadores non federadas.



➤ Explotacións cinexéticas.

Por cada 100 tecores existentes na CCAA hai menos de 7 explotacións cinexéticas comerciais, o que reflicte a escasa relevancia social deste tipo de terreos cinexéticos en Galicia.

	Explotacións Cinexéticas
CORUÑA	5
LUGO	8
OURENSE	10
PONTEVEDRA	8
	31

➤ Superficie cinexética.

Do total da superficie do territorio galego, o **89,57%** está acoutado para a práctica da caza, a través de tecores e explotacións cinexéticas comerciais. Dela o **99,52%** corresponde aos **454 tecores** mentres que as 31 explotacións cinexéticas abranguen o 0,48%.

Superficie da CCAA de Galicia 2.957.400 has	Superficie Cinexética Galicia 2.648.975,66 has	% Superficie CCAA acoutada para caza 89,57%
Superficie acoutada en Tecores 2.636.343,39 has		Superficie acoutada en Explotacións 12.632,27 has


Ao comparar a superficie cinexética dos tecores por provincia, obsérvase que **Lugo é a provincia con maior superficie, con máis do 35% do total do territorio ocupado polos tecores**, e no lado oposto estaría Pontevedra con pouco máis do 13%.

	Nº Tecores	Superficie Cinexética en has.	% Superficie acoutada por provincia	Nº Explotacións Cinexéticas Comerciais	Superficie Explotacións Cinexéticas	% Superficie Cinexética Explotacións por Provincia
Coruña	123	703.525,72	26,69	5	2.442,57	19,34
Lugo	148	929.739,95	35,27	8	2.091,00	16,55
Ourense	109	651.119,03	24,70	10	5.615,90	44,46
Pontevedra	74	351.958,69	13,35	8	2.482,80	19,65
	454	2.636.343,39		31	12.632,27	

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais, a provincia de Ourense é de maior superficie, co 44% do total do territorio que abranguen as explotacións en toda Galicia, e a de menos Lugo.

➤ Relación entre tecores e municipios.

Ao cotexar o número de tecores co número de municipios existentes na CCAA, obsérvase a importancia da actividade cinexética tanto a nivel social como económico no ámbito municipal, con **preto de 2 tecores por municipio**, o que trasladado a outro tipo de deportes máis populares sería o mesmo que dicir que todos os concellos de Galicia teñen máis de 1 *polideportivo* nos que practicar o deporte cinexético; mentres que explotacións cinexéticas apenas hai 0,09 por cada 100 municipios.



A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA


Neste apartado analizaremos a caza maior, debullando os datos de cupos e capturas facilitados pola Consellería CMAVT, así como a incidencia das poboacións cinexéticas nos accidentes de tráfico, e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de tecores que deben afrontar custosos seguros para cubrir a responsabilidade civil derivada dos accidentes de circulación orixinados pola fauna cinexética.

Non podemos analizar estatisticamente a situación da caza menor, por falta de datos oficiais tanto das poboacións como das capturas das distintas especies cinexéticas, pero avaliaremos neste apartado o aproveitamento do paspallás nos tecores da antiga lagoa de Antela.

1. CAZA MAIOR.

Durante a tempada 2018/19, última da que se dispón de datos oficiais actualizados, autorizouse un **cupo total de 29.969 exemplares de caza maior** do que se capturou o **66%, quedando un excedente de 10.301 animais**.

Se debullamos os datos por tipo de animal, obsérvase que **no caso do xabaril capturouse o 80% do cupo autorizado quedando un excedente de 3.710 animais sen cazar**, mentres que **no corzo capturouse o 42% quedando un excedente de 6.057 animais**, **no cervo cobrouse o 25% quedando 479 exemplares**, e **no muflón cun cupo autorizado para a provincia de Ourense de 55 animais, non se cobrou ningún**.



Ao analizar os datos por provincias, vemos que a provincia que dispoñía de maior cupo era Ourense con 11.582 animais dos que cobrou o 54%, quedándolle un excedente de 5.278 animais; seguida de Lugo cun cupo de 11.554 animais dos que cobrou o 68% deixando un remanente de 3.730 animais; mentres que A Coruña dispoñía dun cupo de 4.756 animais dos que capturou o 83% deixando un sobranse de 825 especies; e Pontevedra con 2.077 animais autorizados cobrou o 77% quedándolle un excedente de 468 animais.

	Xabaril		Corzo		Cervo		Mufón		Total		% Capturas s/cupo Provincia	Animais excedentes
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
Coruña	2.841	2.887	1.802	962	113	82	0	0	4.756	3.931	82,65	825
Lugo	7.172	6.357	4.308	1.444	74	23	0	0	11.554	7.824	67,72	3.730
Ourense	7.018	4.460	4.055	1.787	454	57	55	0	11.582	6.304	54,43	5.278
Pontevedra	1.836	1.453	241	156	0	0	0	0	2.077	1.609	77,47	468
TOTAL	18.867	15.157	10.406	4.349	641	162	55	0	29.969	19.668	65,63	10.301
% capturas s/cupo	80,34		41,79		25,27		0,00		65,63			

➤ Evolución dos cupos e capturas.

Ao analizar os datos de cupos e capturas das últimas oito tempadas, obsérvase que das principais especies de caza maior **lévanse capturado desde a tempada 2011/12 ata a 2018/19 unha media de 7 animais de cada 10 autorizados**.

Por tipo de animais, durante os últimos oito anos **cazáronse 119.948 xabarís, 49.067 corzos, e 1.413 cervos**, pero a pesar dilo non se aprecian descensos substanciais nas súas poboación, especialmente no xabaril, tal e como se reflicte no seguinte apartado relativo aos sinistros de circulación producidos por estas especies.

Tempada	Cupo	Capturas	% Capturas
Tempada 18/19	29.969	19.668	65,63
Tempada 17/18	27.432	20.840	75,97
Tempada 16/17	27.432	20.840	75,97
Tempada 15/16	29.560	22.794	77,11
Tempada 14/15	29.723	19.835	66,73
Tempada 13/14	29.616	21.664	73,15
Tempada 12/13	30.836	22.874	74,18
Tempada 11/12	28.083	22.558	80,33
	232.651	171.073	73,53

Evolución do xabaril:

	Tempada 18/19		Tempada 17/18		Tempada 16/17		Tempada 15/16		Tempada 14/15		Tempada 13/14		Tempada 12/13		Tempada 11/12		Total cupos Temp 11/19	Total capturas Temp 11/19
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	2.841	2.887	2732	2534	2700	2227	2629	1997	2534	2148	2444	2267	2297	2363	2323	2008	20500	18431
Lugo	7172	6.357	6900	6310	6505	6147	6077	6350	6767	5246	6512	5673	6064	5732	5997	5596	51994	47411
Ourense	7018	4460	5670	5534	6412	5431	6928	5186	6864	5165	6979	5609	8206	5363	6798	5642	54875	42390
Pontevedra	1836	1453	1865	1417	1843	1378	1923	1317	1962	1282	2004	1494	2024	1757	1924	1618	15381	11716
	18867	15157	17167	15795	17460	15183	17557	14850	18127	13841	17939	15043	18591	15215	17042	14864	142750	119948

Evolución do corzo:

	Tempada 18/19		Tempada 17/18		Tempada 16/17		Tempada 15/16		Tempada 14/15		Tempada 13/14		Tempada 12/13		Tempada 11/12		Total cupos Temp 11/19	Total capturas Temp 11/19
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	1802	962	1841	1114	2036	1257	2077	1355	2086	1533	2104	1701	1974	1819	2130	1884	16050	11625
Lugo	4308	1444	4240	1250	4110	1215	5356	3877	4954	2015	5187	2329	4740	3167	4957	3273	37852	18570
Ourense	4055	1787	3312	2318	3735	2215	3832	2380	3720	2131	3620	2261	4693	2404	3460	2241	30427	17737
Pontevedra	241	156	253	190	235	163	207	108	231	127	193	121	169	120	170	150	1699	1135
	10406	4349	9646	4872	10116	4850	11472	7720	10991	5806	11104	6412	11576	7510	10717	7548	86028	49067

Evolución do cervo:

	Tempada 18/19		Tempada 17/18		Tempada 16/17		Tempada 15/16		Tempada 14/15		Tempada 13/14		Tempada 12/13		Tempada 11/12		Total cupos Temp 11/19	Total capturas Temp 11/19
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	113	82	125	83	114	79	99	81	94	62	84	69	63	47	62	53	754	556
Lugo	74	23	52	4	50	11	31	15	34	13	46	20	37	10	29	9	353	105
Ourense	454	57	372	86	315	87	373	126	359	100	443	120	569	92	233	84	3118	752
Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	641	162	549	173	479	177	503	222	487	175	573	209	669	149	324	146	4225	1413


➤ Siniestralidade producida polos animais cinexéticos.

A pesar do extraordinario esforzo que realizan as sociedades de caza para controlar a alta densidade das especies de caza maior como se viu no apartado anterior, o seu censo estase a manter en cifras semellantes durante os últimos anos, e consecuentemente o número de sinistros producidos por estes animais segue incrementándose ano tras ano, con **4.272 accidentes de circulación producidos no ano 2019 polos principais animais de caza maior e raposo**.

➤ Accidentes de circulación.

Segundo os datos da DGT correspondentes ao ano 2019, Galicia rexistrou **4.272** sinistros de circulación producidos polos principais animais de caza maior máilo raposo, **1.333** accidentes máis que o ano anterior.

Os datos facilitados pola DGT permítenos avaliar a incidencia da siniestralidade mes a mes, observándose que o pico de maior siniestralidade coincide coa tempada cinexética, entre os meses de outubro e decembro.



	Xabaril	Corzo	Cervo	Lobo	Raposo	TOTAL	% Provincia
CORUÑA	657	138	2	3	27	827	19,36
LUGO	1.170	448	1	1	42	1.662	38,90
OURENSE	921	326	1	3	30	1.281	29,99
PONTEVEDRA	434	47	1	0	20	502	11,75
TOTAL	3.182	959	5	7	119	4.272	
% animal	74,49	22,45	0,12	0,16	2,79		

O 97% dos accidentes de circulación causounos o xabaril e corzo, con 3.182 e 959, respectivamente, pero tamén compre sinalar que o raposo orixinou 119 sinistros.

As provincias de Lugo e Ourense, seguen a ser as que concentran a taxa máis alta de siniestralidade, co 39% e 30%, respectivamente.

➤ Evolución dos sinistros de circulación.

Dos 1.879 sinistros de circulación causados polos animais de caza maior e raposo no ano 2010 pasouse a **4.272** no ano 2019, un 56% de accidentes máis que naquel ano.

EVOLUCIÓN DOS SINISTROS POR TIPO DE ANIMAL										
	Ano 2019	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010
Xabaril	3.182	1.972	2.253	2.147	1.797	1.379	1.464	1.422	719	1.237
Corzo	959	865	901	910	860	717	788	751	482	592
Cervo	5	0	8	10	2	5	9	9	6	7
Lobo	7	9	4	6	7	9	0	0	0	0
Raposo	119	93	100	88	77	65	65	39	21	43
	4.272	2.939	3.266	3.161	2.743	2.175	2.326	2.221	1.228	1.879

Ao analizar a evolución dos sinistros por tipo de animal, constátase que os accidentes producidos polo xabaril case se multiplicaron por tres nos últimos 10 anos.


Lugo e Ourense, a pesar de ser as provincias que veñen rexistrando maior cupo e capturas seguen a ser as provincias onde se produce a maior siniestralidade, o que evidencia a gran densidade de poboación de caza maior, destas provincias.

EVOLUCIÓN DOS SINISTROS POR PROVINCIA										
	Ano 2019	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010
CORUÑA	827	689	715	649	593	432	489	493	305	450
LUGO	1.662	1.108	1.257	1.196	1.114	925	947	973	515	729
OURENSE	1.281	819	940	992	798	605	623	520	255	480
PONTEVEDRA	502	323	354	324	238	213	267	235	153	220
	4.272	2.939	3.266	3.161	2.743	2.175	2.326	2.221	1.228	1.879

➤ Seguros de R.C. de tecor.

Na actualidade case a metade dos tecores xestionados por entidades de cazadores federadas teñen concertado o seguro de Responsabilidade Civil de Cotos con Mutuasport ou con outras aseguradoras a través da FGC.

Ao avaliar os datos por provincias obsérvase que A Coruña ten asegurados a través da FGC o 55% dos tecores, Lugo máis do 54%, Pontevedra o 50% e Ourense o 23%.



O número de sinistros durante o ano 2019 entre os tecores asegurados a través da FGC foi de 105, ou o que é o mesmo unha media de **0,56 sinistro por tecor asegurado**.


	Tecores Admdos Entidades Federadas	SEGUROS RC TECOR			% tecores asegurados a través da FGC	SINIESTROS RC TECOR			Media sinistros tecores asegurados
		Mutuasport	Outros	TOTAL PÓLIZAS RC TECOR		Mutuasport	Outros	TOTAL SINIESTROS RC TECOR	
CORUÑA	111	39	22	61	54,95	0	12	12	0,20
LUGO	136	17	57	74	54,41	1	71	72	0,97
OURENSE	61	6	9	15	24,59	0	7	7	0,47
PONTEVEDRA	72	6	30	36	50,00	1	13	14	0,39
	380	68	118	186	48,95	2	103	105	0,56

2. CAZA MENOR.

Ante a falta de estatísticas de capturas da caza menor, avaliarase neste apartado o aproveitamento do *paspallás nos tecores da antiga Lagoa de Antela*, na provincia de Ourense.


Durante a tempada 2018/19, a cota de capturas autorizadas para esta especie era de **16.650 exemplares dos que se capturaron 7.145 paspallá**, un 43% da cota autorizada.

Cupos e capturas de paspallás 2018/19



Desde a tempada 15/16 ata a 2018/19 lévanse cobrado un total de **30.521 exemplares** de paspallás.

Evolución dos cupos e capturas



A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA

As competicións deportivas, ademais do carácter competitivo propiamente dito, contribúen ao adestramento do cazador de cara á tempada cinexética, axudando á prevención de accidentes e fomentando a actividade deportiva no rural galego fóra do período hábil de caza.

A FGC é a **única entidade autorizada para organizar as competicións oficiais da modalidade de Caza de ámbito autonómico**, competencia exclusiva delegada pola Xunta de Galicia a esta entidade.

Anualmente, a Federación Galega de Caza organiza os campionatos oficiais das 14 especialidades deportivas diferentes que ten regulamentadas: **Agility, Arceas, Arco, Cans de Parada, Caza Menor, Cetraría, Compak Sporting, Field Target, Paxariles, Percorridos de Caza, Raposo, Rastro de Coello, Rastro de Xabril, e San Huberto.**

1. CALENDARIO OFICIAL.

Durante a tempada deportiva 2019 a FGC organizou e dirixiu técnica e administrativamente **107 cptos oficiais** (38 cptos Provinciais, 15 Galegos, 14 probas da Liga Autonómica de Agility, 25 campionatos puntuables para a Copa Galicia, 1 Copa España, e 14 competicións da Copa Federación ou outro tipo de probas).

Especialidade	Cptos Prov	Cptos Galegos	Ligas	Copa Galicia	Outros	C. España en Galicia	Total Cptos
Agility			14				14
Arceas	4	1					5
Arco	2	2					4
Cans de Parada	4	1		1	3		9
Caza Menor	4	1			1		6
Cetraría		2					2
Compak Sporting	4	1			1		6
Field Target		1					1
Paxariles	2	1					3
Percorridos Caza	4	1		5	2		12
Raposo	4	1		1	1		7
Rastro Coello	2	1		4	1	1	9
Rastro Xabril	4	1		7	4		16
San Huberto	4	1		7	1		13
	38	15	14	25	14	1	107

➤ Resumo do calendario.

O maior número de campionatos disputados correspondía a **Rastro de Xabril e Agility**, con 16 e 14 competicións, respectivamente.

A participación foi de **5.789 deportistas**, é dicir preto dun **30% dos federados** participaron nalgún dos campionatos oficiais do calendario 2019.

Especialidade	Nº Competicións	Nº Deportistas	Nº Xuíces e árbitros	Media participantes competición	Media xuíces competicións	Media participantes por xuíz
Agility	14	1082	14	77,29	1,00	77,29
Arceas (*)	5	102	102	20,40	20,40	1,00
Arco	4	83	4	20,75	1,00	20,75
Cans de Parada	9	190	17	21,11	1,89	11,18
Caza Menor (*)	6	104	104	17,33	17,33	1,00
Cetraría	2	52	3	26,00	1,50	17,33
Compak Sporting	6	215	17	35,83	2,83	12,65
Field Target	1	10	2	10,00	2,00	5,00
Paxariles	3	212	11	70,67	3,67	19,27
Percorridos Caza	12	597	28	49,75	2,33	21,32
Raposo (*)	7	1692	188	241,71	26,86	9,00
Rastro Coello	9	678	46	75,33	5,11	14,74
Rastro Xabril	16	457	32	28,56	2,00	14,28
San Huberto	13	315	45	24,23	3,46	7,00
	107	5789	613	54,10	5,73	9,44

A media de participación máis alta, respecto ao número de competicións de cada unha das especialidades, correspondeu a **Raposo e Agility**, cunha media de 242 e 77 participantes por competición, respectivamente. A taxa máis baixa de participación foi para **Field Target**, con 10 participantes no Campionato Galego.

Para a organización dos diferentes campionatos oficiais a **FGC mobilizou 613 xuíces e árbitros**, unha media superior a 6 xuíces por competición, que xulgaban un promedio de 9 deportistas por proba.

Ademais das 107 competicións oficiais disputadas, a **FGC autorizou a celebración doutras 67 competicións e adestramentos de carácter social, e outras probas abertas de libre participación**, que organizaron as diferentes entidades deportivas de caza federadas, polo que **se sumamos ás competicións do calendario oficial estoutro tipo de probas abertas, obsérvase que en Galicia disputáronse durante a tempada 2019 máis de 3 competicións cada fin de semana.**

	Outras competicións autorizadas fóra do calendario oficial
CORUÑA	36
LUGO	9
OURENSE	2
PONTEVEDRA	20
	67

➤ Campionatos de España.

O 4 de agosto a Federación Galega de Caza organizaba, por delegación da RFEC, nos terreos da Sociedade de Cazadores San Huberto, en Valga (Pontevedra), a 6ª edición da **Copa España de Rastro de Coello**, na que participaban **92 cans** divididos en 23 lotes de 4 cadaún.



Clasificación:

- 1º Manuel Aguión Tizón**, da Federación Galega (Sdade Coto do Barro) con "*Nalón, Otilia, Petis, e Pancho*"
- 2º Óscar Esparís Agra**, da Federación Galega (Sdade Altamira) con "*Gus, Rot, Hix e Dana*"
- 3º Juan Casal Tato**, da Federación Galega (Sdade Altamira), con "*Violeta, Kala, Nube e Vitamina*"
- 4º Manuel Fernández Lariño**, da Federación Galega (Sdade S. Juan Serres), con "*Duna, Sora, Lura e Bela*"
- 5º Marcos Oliveira Martínez**, da Federació Galega (Sdade San Huberto), con "*Chulín, Inda, Pandereta e Xena*"
- 6º José Méndez Campos**, da Federación Galega (Sdade S. Juan Serres), con "*Trosky, Pistón, Tula e Cuca*"

2. RESULTADOS.

➤ Medalleiro.

No **Anexo I** da presente memoria consta a relación de todos os campións das diferentes probas oficiais así como o calendario de competicións da tempada 2019, entroutra información.

➤ Palmarés da Selección Galega.

Durante a tempada deportiva 2019, os deportistas da Selección Galega das diferentes especialidades, previamente clasificados nos respectivos Campionatos Galegos, acadaron **24 podios para o Deporte Cinexético Galego.**

Denominación da competición	Podio			Total Podio
	1º	2º	3º	
Campionato de España de Cans de Rastro sobre Xabari (Burgos)	1		1	2
Campionato de España de Caza San Huberto (Huesca)		1		1
Campionato de España de Compak Sporting (Toledo)	1		1	2
Campionato de España de Percorridos de Caza (Barcelona)	1			1
Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco (Málaga)	2	1	1	4
Campionato de España de Field Target (Madrid)	2			2
Copa España de Cans de Rastro sobre Coello (Pontevedra)	2	1	1	4
Campionato de España de Cetraría (Sevilla)	1	1		2
Campionato de Caza Menor para Cazadores Adaptados (Madrid)	1			1
Campionato de España de Agility (Santander)	1	3	1	5
	12	7	5	24

Deportista	Especialidade Deportiva	Lugar de celebración	Data	Categoría	Clasificación
Michael Otero Folgueira con "Chacho" (Sdade A Mindoniense - Lugo)	 Cans de rastro sobre xabaril	Villasan de Mena (Burgos)	19 e 20 de xullo de 2019	Xeral	Campión do Campionato de España
Artemio Formoso Barro (Societario Terra Chá - Lugo)	 Compak Sporting	Méntrida (Toledo)	28, 29 e 30 de xuño de 2019	Tiro adaptado	Campión en tiro adaptado do Campionato de España
Artemio Formoso Barro (Societario Terra Chá - Lugo)	 Percorridos de caza	Oristá (Barcelona)	26, 27, 28 de xullo de 2019	Tiro adaptado	Campión en tiro adaptado do Campionato de España
Jacobo Santoro Lorenzo (Club Cazarco - Pontevedra)	 Percorridos de caza con arco	Mijas (Málaga)	5 de outubro de 2019	Long bow masculino	Campión masculino long bow do Campionato de España
Dolores Bugarín Codeseda (Club Cazarco - Pontevedra)	 Percorridos de caza con arco	Mijas (Málaga)	5 de outubro de 2019	Arco asistido dona	Campiona dona arco asistido do Campionato de España
Luis Francisco Barcea Penas (Club A.G.C.T. - Lugo)	 Field Target	La Cabrera (Madrid)	19 e 20 de outubro de 2019	Pistón	Campión pistón do Campionato de España
Andrés Galdo Gato (Club A.G.C.T. - Lugo)	 Field Target	La Cabrera (Madrid)	19 e 20 de outubro de 2019	PCP>16	Campión PCP>16 do Campionato de España
Manuel Aguión Tizón con "Nalón - Otilia - Petis - Pancho" (Sdade Coto do Barro - A Coruña)	 Cans de rastro sobre coello	Valga e Pontecesures (Pontevedra)	4 de agosto de 2019	Xeral	Lote campión da Copa España
"Nalón" de Manuel Aguión Tizón (Sdade Coto do Barro - A Coruña)	 Cans de rastro sobre coello	Valga e Pontecesures (Pontevedra)	4 de agosto de 2019	Xeral	Mellor can da Copa España
María de los Ángeles Poy García (Sdade Gallega de Cetrería - Pontevedra)	 Cetrería	Osuna (Sevilla)	5, 6, 7 e 8 de decembro de 2019	Baixo voo harris	Campiona pequenas aves do Campionato de España
Artemio Formoso Barro con "Lis" (Tecor Societario Terra Chá - Lugo)	 Caza menor	Villarejo de Salvanés (Madrid)	12 de outubro de 2019	Adaptado	Campión do Campionato de España de caza menor para cazadores adaptados
"Eo" con Manuel Santomé González (Club Agility Tercans - Pontevedra)	 Agility	Heras (Santander)	1, 2, e 3 de novembro de 2019	Competición clase 60	Campión do Campionato de España en competición clase 60
Nuria María Varela Paineiras con "Perseo da Xeara" (Club Os Dous Santos - Lugo)	 San Huberto	Gurrea de Gállego (Huesca)	27, 28, e 29 de setembro de 2019	Donas	Subcampiona donas do Campionato de España
Lee Ramsdale (Club Cazarco - Pontevedra)	 Percorridos de caza con arco	Mijas (Málaga)	5 de outubro de 2019	Long bow masculino	Subcampión masculino arco asistido do Campionato de España
Óscar Esparís Agra con "Gus - Rot - Hix - Dana" (Sdade Altamaria - A Coruña)	 Cans de rastro sobre coello	Valga e Pontecesures (Pontevedra)	4 de agosto de 2019	Xeral	Lote subcampión da Copa España

Deportista	Especialidade Deportiva	Lugar de celebración	Data	Categoría	Clasificación
Ignacio Orge García (Sdade Gallega de Cetraría - Pontevedra)	 Cetraría	Osuna (Sevilla)	5, 6, 7 e 8 de decembro de 2019	Baixo voo harris	Subcampión pequenas aves do Campionato de España
"Ela" con Rocío Hermelo Martínez (Club Agility Tercans - Pontevedra)	 Agility	Heras (Santander)	1, 2, e 3 de novembro de 2019	Bonus Class 30	Subcampioa no Campionato de España en Bonus Class 30
"Cooper" con Lucía Duro Devesa (Club Agility Euskogal - A Coruña)	 Agility	Heras (Santander)	1, 2, e 3 de novembro de 2019	Bonus Class 40	Subcampioa no Campionato de España en Bonus Class 40
"Nixie" con Lía Fernández Suárez (Club Agility Euskogal - A Coruña)	 Agility	Heras (Santander)	1, 2, e 3 de novembro de 2019	Infantil	Subcampioa infantil no Campionato de España
Martín Martínez García con "Camarón" (Sociedade de Caza A Mindoniense - Lugo)	 Cans de rastro sobre xabaril	Villasan de Mena (Burgos)	19 e 20 de xullo de 2019	Xeral	Terceiro clasificado no Campionato de España
Roberto Rodríguez Fernández (GE Citroën - Pontevedra)	 Compak Sporting	Méntrida (Toledo)	28, 29 e 30 de xuño de 2019	Homes - Clase B	Terceiro clasificado categoría homes clase B do Campionato de España
José Caruncho Villalba (Venatoria Mañón - A Coruña)	 Percorridos de caza con arco	Mijas (Málaga)	5 de outubro de 2019	Arco asistido júnior	Terceiro clasificado júnior arco asistido do Campionato de España
Juan Casal Tato con "Violeta - Kala - Nube - Vitamina" (Sdade Altamira - A Coruña)	 Cans de rastro sobre coello	Valga - Pontecesures (Pontevedra)	4 de agosto de 2019	Xeral	Terceiro lote clasificado da Copa España
"Bica" con Gael Rodríguez Mariño (Club Agility Euskogal - A Coruña)	 Agility	Heras (Santander)	1, 2, e 3 de novembro de 2019	Bonus Class 40	Terceiro clasificado no Campionato de España en Bonus Class 40

3. ÁREA TÉCNICA.

O equipo técnico da FGC está integrado por 21 monitores de Arco, 19 adestradores de Tiro e 547 xuíces e árbitros, encargados de velar polo cumprimento da normativa das diferentes competicións.

Especialidade Deportiva	Xuíces e Árbitros		Adestradores		Monitores		TOTAL		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Xuíces e Árbitros	Adestradores	Monitores
Tiro (percorridos e compak)	118		19				118	19	
Rastro (xabaril e coello)	186	6					192		
Paxariles	5						5		
Arco	29	1			19	2	30		21
Cetraría	22	2					24		
Agility	15	4					19		
Field Target	11						11		
Cans (parada e San Huberto)	140	8					148		
	526	21	19	0	19	2	547	19	21

FORMACIÓN

1. CURSOS DE FORMACIÓN DE CAZADORES E RESPONSABLES DE SOCIEDADES.

En colaboración coa Consellería de CMAVT, durante o ano 2019, levábase a cabo unha nova convocatoria de Formación dirixida aos Cazadores e dos Responsables das Sociedades de Caza, que resumimos a continuación brevemente.

O programa de formación, desta nova convocatoria, **comprendía cinco Cursos de Seguridade na Caza**, impartidos de xeito presencial nas catro provincias galegas, e **un Curso de Formación dos Responsables das Sociedades de Caza "Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza"**, impartido a través da plataforma online escoladecaza.gal.

Participaron na formación un total de 506 alumnos dos 580 inscritos. No *Curso de Sociedades de Caza* realizaron o exame 51 alumnos dos 70 matriculados, e aos *Cursos de Seguridade na Caza* asistiron 455 alumnos dos 510 inscritos.

➤ Calendario e participación.

Data celebración		Denominación Curso	Lugar (Localidade)	Nº Inscritos	Nº Asistentes
Do 2/10/2019 ao 7/10/2019		Curso de Formación dos Responsables das Sociedades de Caza: Xestión Interna e Administrativa dunha Sociedade de Caza	escoladecaza.gal (plataforma online da Escola de Caza da FGC)	70	51
07/09/2019		Curso de Seguridade na Caza	C. Cultural Avenida (A Rúa, Ourense)	46	34
13/09/2019		Curso de Seguridade na Caza	Casa da Cultura (Melide, Coruña)	177	158
20/09/2019		Curso de Seguridade na Caza	Pazo de Mos (Mos, Pontevedra)	69	69
27/09/2019		Curso de Seguridade na Caza	Casa da Cultura (Cee, Coruña)	103	92
18/10/2019		Curso de Seguridade na Caza	Hotel Santiago (Lugo)	115	102
				580	506

➤ Contidos.

➤ Cursos de Seguridade na caza.

TEMA 1. A seguridade nas cazarías colectivas.
TEMA 2. As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías.
TEMA 3. Os seguros de responsabilidade civil.
TEMA 4. Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza.
TEMA 5. A contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza.
MESA REDONDA. Na que os relatores respondían ás preguntas dos asistentes.

No curso desenvolvido na provincia de Lugo, a maiores do temario citado anteriormente impartíase tamén un relatorio sobre os Primeiros Auxilios na Actividade cinexética.

➤ Cursos de Formación de Responsables de Sociedades de Caza.

BLOQUE 1: Lexislación:

TEMA 1:	Lei do Deporte de Galicia.
TEMA 2:	Os socios: admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.
TEMA 3:	Os órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos.
TEMA 4:	O proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral, candidaturas.
TEMA 5:	A responsabilidade de socios, directivos e sociedade.
TEMA 6:	O Regulamento de Réxime Interno da asociación.
TEMA 7:	Os seguros de responsabilidade civil: A responsabilidade civil do cazador e a responsabilidade civil da sociedade.

BLOQUE 2: O réxime documental:

TEMA 8:	Os libros obrigatorios dunha entidade asociativa, levanza e legalización: libro de rexistro de socios, libro de actas, e libros de contabilidade.
---------	---

BLOQUE 3: O réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal:

TEMA 9:	As contas anuais: o patrimonio, os dereitos e obrigacións; os ingresos e gastos; o orzamento e os requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.
TEMA 10:	A responsabilidades do tesoureiro: disposición de fondos, facturas e forma de pago.
TEMA 11:	As obrigas tributarias: CIF, Exención de IVE, Imposto de Sociedades.

BLOQUE 4: As comunicacións internas e externas da asociación:

TEMA 12:	As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC.
TEMA 13:	O plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores, outras comunicacións.
TEMA 14:	As comunicacións coa Consellería competente en materia de caza: A aplicación informática de caza, suposto práctico.

Dos 70 alumnos matriculados no curso realizaron a proba de avaliación 52 alumnos, resultando aptos 51 deles. A nota media xeral da avaliación foi de 42,63/50.

► Relatores e ponencias.

Relatorio	Relator	Cargo
CURSOS DE SEGURIDADE NA CAZA		
Seguridade nas cazarías colectivas	Andrade Expósito, Darío	Cazador, técnico de caza da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos
	Lage Pérez, Jaime	Cazador, Axente do Seprona da Garda Civil
As infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías	González Justo, M ^a Teresa	Avogada, Asesora Xurídica da FGC
Os seguros de responsabilidade civil	Nogueira Diz, Javier	Cazador, Conselleiro da Mutua de Seguros Mutuasport, Presidente da FGC
	Vergés Mir, Javier	Xerente da Mutua de Seguros Mutuasport
	Escribano Reina, Pilar	Cazadora, Responsable de Comunicación da Mutua de Seguros Mutuasport
Manipulación e Seguridade no Consumo de Carne de Caza	Fidalgo Álvarez, Luis Eusebio	Cazador, Doutor en Veterinaria da USC
A contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza	Sánchez Pontón, Carlos	Xornalista
Os primeiros auxilios na actividade cinexética	Díaz Fernández, Silvia	Cazadora, Médico do Sergas
	Sande López, Javier	Cazador, Veterinario
COORDINADORES DOS CURSOS DE SEGURIDADE NA CAZA		
Curso	Coordinador	Cargo
Cursos de Seguridade na Caza de Melide e Cee (Coruña)	Álvarez Villar José María	Presidente Provincial da FGC Coruña
Curso de Seguridade na Caza de Lugo	López Penela, Francisco	Presidente Provincial da FGC Lugo
Curso de Seguridade na Caza de Ourense	Castro Rivela, José	Tesoureiro da FGC Ourense
Curso de Seguridade na Caza de Pontevedra	Couselo Castiñeira, Francisco	Presidente Provincial da FGC Pontevedra
CURSO DE FORMACIÓN DOS RESPONSABLES DAS SOCIEDADES DE CAZA		
Relatorio	Relator	Cargo
Lexislación	González Justo, M ^a Teresa	Avogada, Asesora Xurídica da FGC
Os seguros de responsabilidade civil	Nogueira Diz, Javier	Cazador, Conselleiro da Mutua de Seguros Mutuasport, Presidente da FGC
Réxime documental, Réxime económico, financeiro,	Rey Coteló, M ^a Luz	Xefa de Admón da FGC
As comunicacións internas e externas da asociación	Andrade Expósito, Darío	Cazador, técnico de caza da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos
	Rey Coteló, Luz	Xefa Admón da FGC

2. XORNADAS DE FORMACIÓN E RECICLAXE DE XUÍCES E ÁRBITROS.

- Na sede da FGC, en Santiago de Compostela, celebrábase o 23 de febreiro, unha xornada de **Unificación de Criterios de xuíces de San Huberto e Cans de Parada**.



- As instalacións da RFEC en Castillejo de Robledo (Soria) acollían o 13 de abril un **Curso de Actualización para Xuíces Nacionais e Promoción para Xuíces Autonómicos de Caza San Huberto**, no que participaban varios xuíces da FGC.

- No recinto Feiral de Semana Verde, en Silleda (Pontevedra), tiña lugar o día 8 de xuño un **Curso de Formación de Xuíces de Agility**.

3. OUTRAS XORNADAS DE FORMACIÓN.

- **Conferencia estándares de traballo de Cans de Mostra**, impartido por Antonio Aguilar, Antonio González, e Antonio Somoza, o 8 de xuño, en Silleda (Pontevedra).



- **Charla coloquio: Nocións sobre Armas e Municións**, desenvolvida o 8 de xuño en Silleda (Pontevedra), a cargo de Michel Coya.

- **Xornada sobre Selección e Adestramento do Can de Alta Competición**, impartida por Pablo Fernández, o 20 de xullo, nos locais da Sociedade de Caza Urogallo, en Ferrol (A Coruña).



A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA


Os cazadores e as sociedades de caza federadas dispoñen dunha asesoría xurídica gratuíta a cargo dunha experta avogada en lexislación cinexética e deportiva.

1. TIPO DE ASESORAMENTO.

O asesoramento xurídico, a sociedades e cazadores federados, abarca todo tipo de informes sobre aspectos legais a nivel administrativo, cinexético e deportivo.


De cada 10 trámites realizados polos servizos xurídicos máis de 5 corresponden a asesoramento e consultas formuladas por sociedades e cazadores, incluídos os expedientes disciplinarios, e as achegas a denuncias de caza formuladas contra ambos.

Os informes técnicos realizados polo gabinete xurídico, a petición da Federación, sobre a problemática de Grupo Mayo e as aseguradoras Caser e Fiatc, xunto coa revisión de convenios e anteproxectos de lei, tamén ocuparon unha boa parte do labor da asesoría, **que pechaba este ano cun volume de 705 trámites, ou o que é o mesmo, unha media de trámites 14 semanais.**



2. EVOLUCIÓN DO ASESORAMENTO.

No período 2013-2019 os informes técnicos realizados pola Asesoría Xurídica incrementáronse nun 25%, pasando dos 566 informes do ano 2013 aos 705 actuais. Deles o 57% foron informes externos realizados a petición das sociedades e dos federados.




AS EMISORAS DE RADIOFRECUENCIA

O uso de aparellos de radiofrecuencia (emisoras) durante a práctica da caza é unha **ferramenta de seguridade para os cazadores, que reduce notablemente o risco de accidentes**. De feito nos últimos anos vense constatando que o uso deste tipo de dispositivos na actividade cinexética, ademais de ofrecer unha maior coordinación e comunicación entre os participantes das cacerías colectivas, tamén minora o número de incidentes e accidentes.

1. EMISORAS E O SEU ÁMBITO.

Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, a FGC conta coa **correspondente autorización de Telecomunicacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico para a actividade cinexética nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o ano 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo** mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza (renovado no 2018 ata o ano 2022) que é a titular da mesma. A rede da FGC dispón de **25 frecuencias autorizadas para o uso dos federados**.



De cada 10 federados preto de **6 empregaron durante este ano as frecuencias da FGC**. Deles o 56% elixiron a de uso provincial fronte ao **44% que escolleron a licenza de uso autonómico**, válida para utilizar en todas as provincias galegas.

	Licenzas uso Emisora Provincial	Licenzas uso Emisora Autonómica	Total Licenzas de uso de Emisoras	Número federados	% Licenzas de emisoras s/federados Provincia	% Emisoras Autonómicas s/total Emisoras Provincia	% Emisoras Provinciais s/total Emisoras Provincia
CORUÑA	810	2.265	3.075	7.010	44	74	26
LUGO	4.782	439	5.221	5.463	96	8	92
OURENSE	225	826	1.051	1.723	61	79	21
PONTEVEDRA	194	1.229	1.423	5.438	26	86	14
	6.011	4.759	10.770	19.634	55	44	56

2. EVOLUCIÓN DAS LICENZAS DE EMISORAS.


Desde a posta en marcha da licenza de emisora de uso autonómico (no ano 2014) ata a actualidade, os federados foron transformando maioritariamente as súas licenzas provinciais en autonómicas, agás na provincia de Lugo onde son maioritariamente de uso provincial.

	Ano 2019		Ano 2018		Ano 2017		Ano 2016		Ano 2015		Ano 2014	
	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais
CORUÑA	2.265	810	2.153	817	2.061	832	1.992	891	1.808	925	1.471	1.054
LUGO	439	4.782	419	4.837	413	4.871	358	4.173	299	4.411	359	4.942
OURENSE	826	225	894	229	906	232	1.132	23	1.143	38	889	315
PONTEV	1.229	194	1.186	203	1.153	241	1.011	241	909	300	643	319
	4.759	6.011	4.652	6.086	4.533	6.176	4.493	5.328	4.159	5.674	3.362	6.630

O CLUB DE DESCONTOS

O Club de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados ten por obxecto **facilitar aos cazadores federados as mellores ofertas nos artigos e servizos que precisen para a práctica da actividade cinexética ou actividades relacionadas con ela**, e ao mesmo tempo abre a posibilidade, a todas as empresas e establecementos vencellados á caza, de agruparse a través del para ofrecer os seus produtos, xerando así unha importante corrente de oferta e demanda, ao tempo que **pon en valor as prestacións da licenza federativa autonómica**.


Durante este ano producíronse 7 novas altas, e causaron baixa 2 establecementos; **rematando o ano con 85 establecementos asociados**. Deles, 44 ubícanse na provincia de A Coruña, 9 na Lugo, 7 na Ourense, e 19 na de Pontevedra, pero tamén hai 1 de ámbito autonómico, e 5 de fora da CCAA.



Esta iniciativa poñíase en marcha no ano 2012, **pasándose dos 32 establecementos adheridos naquel ano aos 85 actuais**.

1. TIPO DE ESTABLECEMENTOS.

Ao analizar o tipo de establecementos en función da actividade que desenvolven, obsérvase que **máis da metade deles, un 57%, son centros psicotécnicos e clínicas médicas**, pero tamén hai veterinarios, perruquerías de cans, armerías, tendas de deportes, tendas especializadas en aparellos de radiofrecuencia, fisioterapeutas, alimentación canina, servizos de caza e servizos ambientais, hoteis, restaurantes, tendas de trofeos, gasolineras, xestorías, revistas, entroutros.



Tanto os establecementos como as súas tarifas están actualizados permanente na páxina web da FGC e publícase todos os meses a relación de establecementos na Revista Galicia Cinexética.

AS COMUNICACIÓNS DA FGC COS SEUS AFILIADOS



Un dos aspectos máis importantes para a FGC é a comunicación e transparencia en trasladar ao colectivo de cazadores en xeral, e principalmente aos federados, toda a información que xera a actividade e particularmente aquelas noticias que pola súa dimensión e importancia poidan afectar directamente aos cazadores ou ás sociedades de caza.

En plena era das redes sociais, co correo postal practicamente en desuso, a FGC elixe cada vez máis as novas tecnoloxías para comunicarse puntualmente cos seus afiliados, para elo conta coa páxina web www.federaciongalegadecaza.com e coa súa revista *Galicia Cinexética*, pero tamén coas redes sociais facebook e twitter, co correo electrónico, con SMS, e con un número de teléfono específico para wassap que ven de incorporarse nos últimos anos a todas as sedes federativas.



A escasa repercusión do deporte cinexético nos medios de comunicación (prensa, radio ou televisión), máis aló de noticias puntuais, fan que a **páxina web e as redes sociais da federación** xunto coa **revista Galicia Cinexética** e, nos últimos

tempos, o programa **Caza e Natureza**, dirixido por Francisco Couselo, que se emite en **Radio Nova** (e se comparte puntualmente no

facebook da federación), sexan os medios que elixen a práctica totalidade dos cazadores galegos para informarse puntualmente da actualidade cinexética.



1. PÁXINA WEB: <https://www.federaciongalegadecaza.com>

➤ Mantéñense as visitas.

Con **70.342 visitas absolutas no ano 2019**, a afluencia de visitantes mantense practicamente idéntica á do ano anterior, amosando unha tendencia á estabilidade neste senso.

70.342 visitas á web no 2019

➤ As publicacións máis destacadas da web.

As publicacións máis visitadas da web, que por tanto amosan as principais preocupacións dos nosos visitantes, foron as seguintes:

LOBOS - CANS DE CAZA

A FGC trasládalle a Administración a preocupación dos cazadores galegos ante o incremento dos ataques do lobo ós cans de caza

25/11/2019

Federación

Esta foi a nova máis visitada do ano, o que amosa a preocupación dos cazadores galegos coa situación do lobo

DANOS XABARIL

Comunicado da FGC ante a situación de emerxencia cinexética adoptada pola Xunta de Galicia

02/10/2019

Federación

A situación de emerxencia cinexética, loxicamente tamén foi un dos temas de maior interese para o colectivo cinexético galego

GALEGO DE CAZA MENOR CON CAN

Antonio González co seu pointer "Lider" proclamouse Campión Galego de Caza Menor con Can na Terra Chá

02/11/2019

Competicións | Caza Menor con Can

As competicións non deixan de ser un dos grandes intereses dos federados, e o resultado do Campionato Galego de Caza menor foi a nova máis visitada neste senso

OS VEDADOS DO XABARIL

A supresión de 300.000 hectáreas de vedados dos Tecores para a caza do xabaril

06/06/2019

Federación

A caza do xabaril, un dos grandes temas cinexéticos durante todo o ano

➤ As redes sociais.



4459



1093

(a 31 de decembro 2019)

Segue a medrar o número de seguidores nas redes sociais. En Facebook, a principal plataforma de comunicación entre os federados, chegouse a 4459 seguidores, o que supón un incremento dun 16% respecto ao ano anterior. Este número sitúao no 3º posto nacional entre as Federacións Autonómicas de Caza, sendo Andalucía e Estremadura, con 20 mil e 15 mil seguidores nestas redes, as dominadoras neste ámbito.


Tamén se sigue a medrar en Twitter, unha rede social que ten menor implantación no colectivo cinexético, pero onde xa se supera o milleiro de seguidores, ata chegar aos 1093, supoñendo un aumento do 9,5%. Nesta rede a FGC tamén se sitúa no 3º posto nacional de Federacións Autonómicas de Caza, de novo superados por Andalucía e Estremadura que contaban aproximadamente con 5 mil e 3 mil seguidores nesta rede social a 31 de decembro de 2019.

➤ As publicacións máis destacadas das redes.

A continuación as publicacións que tiveron unha maior repercusión nas nosas redes sociais.



A mensaxe de condena da FGC polo can maltratado en Chantada foi sen dúbida unha das publicacións de maior repercusión, con máis de 11.000 persoas alcanzadas



Máis de 18.000 persoas viron a publicación relativa ao caso de triquinose na provincia da Coruña



A aclaración respecto á posibilidade de disparar ao corzo en batidas con 8 ou 9 cazadores tamén obtivo unha grande repercusión, con máis de 11.000 persoas

A problemática que tiveron algúns cazadores para renovar a súa licenza de caza a pouco tempo de comezar a tempada foi loxicamente un tema de especial relevancia

AS XUVENTUDES POLA CAZA

Ao longo do 2019, as Xuventudes pola Caza participaron en varias actividades e reunións, e aproveitaban aquelas feiras e eventos máis importantes e multitudinarios para estar presentes e facer visible este **colectivo xuvenil integrado por 1.728 cazadores e cazadoras federados menores de 31 anos**.



Entroutros, participaban nos seguintes eventos, aos que acudían co **Simulador de Tiro** da FGC, que xeraba unha extraordinaria expectación e acollida non só entre os máis xóvenes senón entre todo o tipo de público:

- Feira de Cans de Caza e Festa da Filloa de Mimenta (1 de maio)
- Feira de Caza e Pesca (FECAP) Semana Verde de Silleda (6-9 de xuño)
- Feira de Cans de Caza de Lalín (19 de xuño)
- Feira de Cans de Caza de Allariz (7 de xullo)
- Feira de Cans de Caza de Mesón do Vento (27-28 de xullo)
- Salón de Deporte e Turismo Activo (SPORTUR) en Ourense (15-16 de novembro)



AXENDA: REUNIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES

A axenda do 2019 foi intensa, mesmo con grandes dificultades en numerosas ocasións para poder cadrala e así estar presente en todos os actos e xuntanzas aos que a FGC era convocada ou convidada.

As competicións foron sen dúbida as grandes protagonistas das fins de semana, pero ao longo da semana a actividade tampouco diminuíu.

O ano arrancaba co nomeamento da xunta directiva (16 de xaneiro) por parte de Javier Nogueira, recién elixido presidente. A nova xunta directiva celebraba a súa primeira xuntanza o día 5 de febreiro.

Ás **reunións habituais dos diferentes órganos da FGC** (comisión de competicións, comité de xuíces e árbitros, xunta executiva, xunta directiva, comisión delegada, e asemblea xeral), sumábanse, como é habitual, as reunións que se manteñen periodicamente coa Administración e con outras institucións.



A continuación repásanse brevemente aquelas xuntanzas e actividades máis destacadas:

1. Reunións institucionais.

O 4 de xaneiro, a FGC acudía á primeira cita institucional deste ano, tratábase do acto de renomeamento do Estadio de San Lázaro, onde se atopan as oficinas centrais da FGC, que era rebautizado como Estadio Verónica Boquete de San Lázaro en honra á futbolista santiaguesa.



As reunións periódicas cos responsables da **Secretaría Xeral para o Deporte** e da **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, así como cos seus diferentes departamentos, marcaron unha boa parte da axenda federativa.



Pero a FGC tamén estivo presente como experta na **Mesa de traballo de Medio Ambiente e cambio climático**, e na **Mesa de Medio Ambiente do plan estratéxico 2021-2030**.



A FGC e o Delegado en Galicia do **Club de Cazadores de Becada (CCB)** presentaban á Directora Xeral de Patrimonio Natural, un proxecto para a elaboración de censos sobre a arcea e agacha.



A problemática da **caza nos terreos queimados** polos lumes do ano 2018 xunto coa a **colaboración cos Distritos Forestais**, tamén foi motivo de varias reunións tanto



coa **Consellería de Medio Ambiente** como coa **do Medio Rural**, e cos seus respectivos departamentos de Patrimonio Natural e Defensa do Monte.

A Prevención e **control de enfermidades que afectan á fauna salvaxe, así como o control do xabaril nas zonas urbás, e o consumo de carne de caza**, tamén foron algúns dos temas tratados co **Director Xeral de Gandería**.



A problemática dos **danos causados polo xabaril nos cultivos**, tamén foi motivo de varios encontros coa Administración e cos prexudicados (agricultores, sindicatos agrarios e sociedades de caza).



A FGC tamén participaba activamente nas xuntanzas do **Consello Forestal de Galicia**.

As eleccións xerais do ano 2019, fixo que a FGC puxera novamente en marcha a campaña "**E de caza que? AcazaTaménVota**" invitando a todas as forzas políticas a un encontro para que así tamén puideran dar a coñecer o seu programa e apoio á actividade cinexética. Acudiron a esta chamada Ciudadanos, Partido Popular, PsdeG, e Vox.



Por parte de **Ciudadanos** asistían a este encontro, os seus candidatos ao Congreso pola Coruña e Lugo, María Vilas e José Manuel Blanco, pero tamén se achegaban a Galicia para reunirse coa FGC o deputado nas Cortes por Teruel, Ramiro Domínguez, e a número 2 por Cantabria, Marta García, acompañados do secretario de organización do partido en Galicia, Laureano Bermejo.

Polo **Partido Popular** participaban na xuntanza a presidenta en funcións do Congreso dos Deputados, Ana Pastor, e o vicepresidente da Xunta e presidente do PP en Pontevedra, Alfonso Rueda, que asistían acompañados da Directora Xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo.



Por parte do **PsdeG**, a xuntanza era con Patricia Vilán, Portavoz do grupo parlamentario socialista no Parlamento de Galicia.

E por último, **VOX** tamén se unían a estes encontros cos representantes federativos.



A controversia da Caza do Raposo xerada polos grupos anticaza, tamén foi obxecto dunha xuntanza entre a FGC e a **Valedora do Pobo**, Milagros Otero, na que se puxo enriba da mesa a caza do raposo como unha actividade sostible e legal, perfectamente lexislada e cunha estrita regulamentación, que non deixa de ser unha ferramenta máis de xestión ambiental.



A FGC tamén participou activamente nas diferentes reunións da **UFEDEGA** (Unión de Federacións Deportivas Galegas), na súa asemblea, na xunta directiva da que forma parte, pero tamén nas diferentes reunións institucionais mantidas coa Secretaría Xeral para o Deporte.

Unha parte importante da axenda do presidente da FGC estivo marcada polas xuntanzas da **Mutua de Seguros Deportivos Mutuasport** (da que a FGC a través do seu presidente forma parte do Control Interno, da Comisión Executiva e do Consello de Administración); e tamén da **Real Federación Española de Caza** (comité interautonómico, plataforma de silvestrismo, etc).



A FGC tamén mantiña unha xuntanza co Presidente da **Federación Galega de Tiro Olímpico**, na que participaban os presidentes saínte e actual da RFEC.

A FGC tamén se reunión coa **Federación Galega de Ciclismo**, durante a volta ciclista a Galicia.





A FGC, a través do seu presidente asinaba un convenio de colaboración coa **Asociación Galega de Gardas Particulares de Campo**, polo que esta entidade fai unha oferta especial nos servizos de gardería ás sociedades de cazadores federadas.

2. Outros actos: galas, conferencias e xornadas.

Ademais das actividades enumeradas ao longo desta memoria, a FGC, como xa se dixo, trata de estar presente en todas as xornadas e actos aos que é convidada, e durante o ano 2019 participou, entroncos, nos seguintes encontros:



- **Conferencia "A vertebración da Caza en Galicia dende a perspectiva da Federación Galega de Caza"** impartida o 7 de marzo, polo presidente da FGC, Javier Nogueira, e polo membro da Comisión das Xuventudes, Diego Pallas, aos alumnoss do **Centro Integrado de Formación Profesional A Granxa**, en Ponteareas (Pontevedra).

- **Gala do Deporte do Concello de Santiago**, celebrada o 7 de marzo, no Auditorio de Galicia, en Santiago, na que foron premiadas varias persoas e entidades polos seus logros deportivos.



- **Xornada de Tecnoloxía e Deporte**, celebrada o 21 de marzo, no Hotel AC Palacio del Carmen, en Santiago, promovido pola Fundación Deporte Galego, sobre innovación no deporte en Galicia.

- Colaboración coa **Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia (ASANOG)**, mediante a celebración dunha **proba solidaria de Caza San Huberto**, celebrada o 13 de abril, no tecedor Riberas del Tambre, en Oroso (A Coruña).



- **Gala do Deporte Feminino Galego (MUDEGA)**, desenvolvida o 3 de maio, no Auditorio de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), coa que se pretende visibilizar os éxitos que acadou o deporte feminino galego.



- **Gala do Deporte de As Pontes**, desenvolvida o 3 de maio, no Pavillón de A Fraga, en As Pontes (A Coruña), na que recibiu unha mención especial, entroncos, o deportista da Federación Galega de Caza Artemio Formoso Barro.

- Mesa Redonda "**Lugo en marcha co Deporte**", celebrada o 6 de maio, en Lugo.



- **Foro Deporte para Todos**, organizado o 11 de maio pola Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE), no Club Financeiro Atlántico en A Coruña, no que se debatía sobre o deporte federado versus deporte para todos.



- **Congreso Internacional de Periodismo Especializado en Caza, Pesca, Medio Ambiente e Turismo Rural e de Aventura**, organizado por *Periodipesca* entre os días 16 e 20 de maio en Santa Comba (A Coruña).



- **Festa do Deporte Solidario do Centro Comercial Área Central**, en Santiago de Compostela, o 8 de xuño, na que a FGC participou activamente con exhibicións de agility e arco.

- Acto de **Entrega de Permisos de Seguridade Privada da Subdelegación do Goberno de A Coruña**, celebrado o 20 de xuño na Fundación Abanca, en A Coruña.

- **Gala do Fútbol Galego**, celebrado na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, o 21 de xuño.



- **Gala do Deporte de Pazos de Borbén**, celebrada o 22 de xuño en Pazos de Borbén (Pontevedra).
- **Gala de Entrega de Bolsas Depodan e Depromesa organizada pola Deputación Provincial de Pontevedra**, o 12 de setembro no Salón de Plenos do Pazo Provincial, en Pontevedra.



- **Festa do Deporte do Concello de Santiago**, organizada o 30 de setembro, no Parque de Galeras, en Santiago, na que a FGC participou activamente con exhibicións de agility a cargo do club Euskogal.



- Acto de **Recepción realizado polo Alcalde de Santiago de Compostela aos colaboradores da Festa do Deporte**, celebrado o 28 de outubro, no Salón Vermello do Pazo de Raxoi.



- **Desayunos La Voz**, o 6 de novembro a FGC participaba nun debate sobre os problemas do xabaril en Galicia, organizado por La Voz de Galicia, en Arteixo (A Coruña)



- **Xornada di Non á Violencia de Xénero no Deporte**, organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte, o 7 de novembro na EGAP en Santiago de Compostela.



- **Xornada de Xestión Deportiva para Pequenos e Medianos Municipios**, organizada por Agaxede o 8 de novembro, no Centro Cultural Marcos Valcárcel, en Ourense.

- **Xornada As federacións somos parte do Xogo**, organizada pola UFEDEGA o 11 de novembro na sede da Real Federación Galega de Fútbol, en Santiago de Compostela.



- **Gala do Deporte do Concello de Soutomaior**, celebrada o 15 de novembro no Multiusos de Arcade (Pontevedra).

- **Gala dos Premios Galicia á Xestión Deportiva**, organizada pola Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE), na Cidade da Cultura, en Santiago, o 15 de novembro.



- **Charla sobre a Cetraría no CEIP Sigüeiro**, en Oroso (A Coruña), o 18 de novembro.

- **Xornada As Redes Sociais no Deporte**, organizada pola Unión de Federacións Deportivas Galegas o 21 de novembro, na sede da RFGF, en Santiago de Compostela.



- **Entrega de Premios Deporte Galego da Xunta de Galicia**, celebrado no Auditorio Municipal de Lalín (Pontevedra), o 28 de novembro.



- **Mesa Medio Ambiente Plan Estratéxico 2021-2030**, celebrada na EGAP, en Santiago de Compostela, o 17 de decembro.

- **Programa radiofónico "Convivir deportivo" da Radio Galega**, emitido o 17 de decembro desde as instalacións da SD Rio Sar, Trazo (A Coruña).



3. Feiras e outras actividades.

A FGC tamén participaba nestoutras feiras e eventos de caza, con diversas exhibicións de agility, arco ou cetraría, simulador de tiro, stand, etc.

- **Cinegética**, celebrada no pavillón 14 de Ifema en Madrid, entre os días 21 e 24 de marzo, onde tamén se facía a presentación do libro *Cría y cuidados del perro de caza*, de Luis Eusebio Fidalgo, profesor da Facultade de Veterinaria da USC e Vicepresidente da FGC.



- **Exposición de Cans de Caza de Muimenta**, celebrada o 1 de maio en Muimenta (Lugo).



- **Exposición de Cans de Caza de Lampai**, celebrada en Lampai, Teo (A Coruña), o 2 de xuño.



- **Feira Internacional Abanca Semana Verde de Galicia (FECAP)**, celebrada no recinto feiral Semana Verde, en Silleda (Pontevedra), entre os días 6 e 9 de xuño.

- **Feira de Cans de Caza de Abegondo**, celebrada o 8 de xuño en Abegondo (A Coruña).



- **Exposición de Cans de Caza e Festa do Cazador de Lalín**, celebrada o 16 de xuño na Carballeira do Rodo, en Lalín (Pontevedra).

- **Exposición de Cans de Caza de Oza dos Rios**, celebrada o 30 de xuño en Oza-Cesuras (A Coruña).



- **Exposición de Cans de Caza de Allariz**, celebrada o 7 de xullo, celebrada no Paseo do Museo de Coiro, en Allariz (Ourense).


- **Mostra de Cans de Caza de Mesón do Vento**, celebrada o 28 de xullo en Mesón do Vento, Ordes (A Coruña).





➤ ***Festa da Caza de Rodeiro e Montería Feminina***, celebrada os días 16 e 17 de novembro, en Rodeiro (Pontevedra).

➤ ***Salón de Deporte e Turismo (SPORTUR)***, celebrado no recinto feiral Expoureense, en Ourense, os días 15, 16 e 17 de novembro.



Santiago de Compostela, a 31 de decembro de 2019